

## Introducción:

No proxecto están integrados servizos de saúde, organizacións e entidades afiliadas de 14 estados membros da Unión Europea. O obxectivo do proxecto CIRCE-JA é transferir eficazmente 6 boas prácticas de 4 Estados (Bélxica, Portugal, Eslovenia e España) a 44 rexións de 12 Estados membros que as van implementar.

As boas prácticas, obxecto de transferencia, foron seleccionadas pola European Health and Digital Executive Agency (HADEA) por delegación da Comisión Europea na convocatoria lanzada en decembro de 2020 e financiadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional, na que buscaba recompilar accións levadas a cabo nos servizos de atención primaria dos distintos países. A boa práctica da nosa comunidade seleccionada pola institución europea foi a plataforma de teleasistencia domiciliaria TELEA.

A plataforma TELEA persigue facilitar o seguimento e o contacto entre pacientes crónicos e profesionais sanitarios do SERGAS, permitindo a continuidade asistencial do seu estado de saúde dunha maneira áxil, eficaz e sen necesidade de desprazamentos. Dende a súa implantación leva rexistrados máis de 1.248.000 datos de pacientes. Ademais, demostrou ser unha ferramenta esencial durante a xestión da pandemia provocada pola COVID-19. A Comisión Europea valorou positivamente os resultados probados da plataforma, o seu impacto no sistema sanitario galego, e a capacidade de adaptación a outros países.

Telea foi seleccionada por Norrbotten de Suecia, Piemonte, Abruzzo e Módena de Italia para levar a cabo a replicación de Telea e adaptala a súa realidade coa colaboración e asesoramento de Galicia na implantación da plataforma.

Esta iniciativa europea, cuxa acción comezou o 1 de febreiro de 2023, ten unha duración de 3 anos nos que levarán a cabo diversas actividades destinadas a fomentar o intercambio de coñecementos, tales como talleres, visitas e desprazamentos de persoal, cursos, programas de formación etc. Ademais, desenvolveranse actividades piloto que replicarán as boas prácticas para monitorizar a súa posible implantación nos sistemas sanitarios dos socios interesados. No caso de TELEA, todas estas actividades estarán coordinadas conxuntamente polo SERGAS e o SERVIZO ANDALUZ DE SAÚDE (SAS).

Páxina web do proxecto: <https://circeja.nfz.gov.pl/>